



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Aprobación inicial do proxecto de estatutos e bases de actuación para constituír a xunta de compensación da área de reparto do sector S-14 Calvo do PXOM do concello de Carballo. Información pública (Expediente 2020/X999/000207)

Aprobación inicial do proxecto de estatutos e bases de actuación para constituír a xunta de compensación da área de reparto do sector S-14 Calvo do PXOM do concello de Carballo. Información pública (expediente 2020/X999/000207)

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o 7 de decembro de 2020, aprobou inicialmente o proxecto de estatutos e bases de actuación, presentado pola entidade Calvo Conservas, S.L.U. en data 17 de novembro de 2020, núm. de rexistro de entrada 202099900003430, para constituír a xunta de compensación do sector S-14 (Calvo) e a execución da ordenación detallada contida no plan parcial deste ámbito, cuxa normativa foi publicada no Boletín Oficial da Provincia o 24 de setembro de 2020.

De conformidade co disposto polos artigos 123.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 302 do Regulamento desta mesma lei (Decreto 143/2016), publícase este acordo no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión, aos efectos de información pública polo prazo de un mes e para que os propietarios ou titulares de dereitos de contido patrimonial no polígono formulen as alegacións pertinentes sobre o proxecto de estatutos e bases presentado e soliciten a súa incorporación á xunta de compensación.

Para a súa incorporación, os propietarios non promotores do proxecto poderán adherirse e incorporarse ao mesmo e, con elo, á futura xunta de compensación. A incorporación deberá realizarse por escrito dirixido ao concello dentro do prazo de información pública (1 mes) e adxuntarase acreditación da titularidade da parcela afectada.

Ademais da entidade promotora, como titular das parcelas catastrais 15019A002000770000IT e 4037101NH2843N0000ZU, os propietarios con dereitos de contido patrimonial neste ámbito son os titulares das parcelas catastrais seguintes:

Titular catastral	Parcela catastral
Jesús Puente Rama	15019A002000550000IX
María Estrella Veciño Ríos	15019A002000560000II
Herdeiros de Laureano Trigo Facal	15019A002000570000IJ
	15019A002000580000IE
José Nogueira España	15019A002001230000IE
Celia Nogueira Pose	15019A002001240000IS
María Carmen Suárez Barca	15019A002001280000IW

Este anuncio serve de notificación no caso de que os titulares catastrais sexan descoñecidos ou se descoñeza o seu enderezo, segundo o previsto no artigo 44 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Carballo, 16 de decembro de 2020.

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2020/9595